

# PROGRAMA DE CURSOS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ALUMNADO



As siglas **CUALE** corresponden á expresión “Cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras”. O Programa Cuale, promovido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ten como obxectivo a mellora da competencia lingüística do alumnado dos centros públicos de ensino en Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional.

Os cursos de formación do programa desenvólvese tendo en conta os niveis de competencia establecidos no Marco europeo común de Referencia para as Linguas.

No IES Agra do Orzán, o Departamento de Francés comeza a impartir neste curso escolar este programa de formación complementaria e gratuíta nas dúas modalidades A2 (para 4º ESO) e B1 (para 1º de Bacharelato), ambas a cargo da profesora Irene García Pérez, en horario de tarde.

O alumnado participante recibirá ao remate do curso, un certificado de aproveitamento desta lingua estranxeira, expedido polo centro, tras a superación das probas propias de nivel A2 ou B1.

Ademais, grazas a este programa, os/as participantes de CUALE son formados/as para pasar as probas externas das modalidades citadas e así obter a acreditación oficial a través do Diploma de Estudos de Lingua Estranxeira Francés (**DELF**), de validez internacional, expedido polo Ministerio de Educación Francés en colaboración coa Alianza Francesa e a Xunta de Galicia ou/e para pasar as probas da **Escola Oficial de Idiomas** de A Coruña como alumnado oficial, procedente de CUALE.

